



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

RESOLUCIÓN

Nº Expediente: 2023/CONTRAT/000177

ASUNTO: PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023”

Polas Resolucións de adxudicación que de seguido se citarán, adxudicáronse os lotes 1, 2 e 3 do contrato “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023”, aprobado por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2022000302, de 1 de febreiro do 2022:

Lote	Adxudicataria	Resolución de adxudicación	Data de formalización	Importe de adxudicación	Duración do contrato
1. Actividades de apoio terapéutico as persoas coidadoras	(AFACO), ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y DEMENCIAS AFINES DE A CORUÑA	Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2022001005, de 11 de marzo	16-03-2022	19.104,01 € (exento de IVE)	Desde o 1 de abril do 2022 ata o 31 de decembro do 2023
2. Realización da actividade “Estimulación”, intervención con persoas con deterioro cognitivo en fase inicial da enfermidade de Alzheimer e outras demencias dexenerativas	(AFACO), ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y DEMENCIAS AFINES DE A CORUÑA	Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2022001006, de 11 de marzo	16-03-2022	23.259,71 € (exento de IVE)	Desde o 1 de abril do 2022 ata o 31 de decembro do 2023
3. Realización da actividade “Paseo dos sentidos”, intervención con persoas que asisten a “Coidando emocións”	ESPROADE, S.L.	Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2022001007, de 11 de marzo	16-03-2022	3.378,92 € (10% IVE engadido)	Desde o 1 de abril do 2022 ata o 31 de decembro do 2023

Consonte ao establecido na Cláusula H do PCAP que rexe o contrato de “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023”, establécese a posibilidade dunha única prórroga coa duración de dous anos, podendo entón chegar a duración total do contrato aos catro anos.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Visto que con sinatura do día 14 de novembro de 2023, a animadora sociocultural do Concello, dona Elida Rodríguez Ferreiro, coa aprobación da Concelleira delegada, dona Aurora Belén Taboada, presentan propostas de prórroga de contratación dos tres lotes do servizo polo período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2025; coa conformidade á súa vez de dona Antonia Patricia Babío, como representante da adxudicataria dos lotes 1 e 2, e dona Paula Vázquez, como representante da adxudicataria do lote 3. O importe da prórroga para cada Lote ascendería as seguintes cantidades:

Lote 1. Actividades de apoio terapéutico as persoas coidadoras	19.104,01 € (exento de IVE)
Lote 2. Realización da actividade “Estimulación”, intervención con persoas con deterioro cognitivo en fase inicial da enfermidade de Alzheimer e outras demencias dexenerativas	23.259,71 € (exento de IVE)
Lote 3. Realización da actividade “Paseo dos sentidos”, intervención con persoas que asisten a “Coidando emocións”	3.378,92 € (10% IVE engadido)

Visto o informe xurídico da Secretaría Municipal do día 28 de novembro do 2023, no que se indica:

“CONCLUSIÓN

A prórroga dos tres lotes do contrato de “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023” nas datas do 01 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2025 sería conforme a Dereito, sempre e cando os servizos económicos do Concello informen sobre a existencia de consignación orzamentaria suficiente para facer fronte ao custo que supón.”

Visto o informe da Intervención Municipal do día 5 de decembro do 2023, no que, con respecto á financiación, se indica que a presente prórroga contractual finánciase con cargo ás aplicacións orzamentarias e coas Reservas de Crédito (RC) seguintes:

LOTE	ANUALIDADE	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
1	2024	70.231.22799	RCFUT1 202300042492	9.552,00 €
	2025	70.231.22799	RCFUT2 202300042494	9.552,01 €
2	2024	70.231.22799	RCFUT1 202300042495	11.629,85 €
	2025	70.231.22799	RCFUT2 202300042497	11.629,86 €
3	2024	70.231.22799	RCFUT1 202300042498	1.689,45 €
	2025	70.231.22799	RCFUT2 202300042499	1.689,47 €
TOTAL				45.742,64 €





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

En consecuencia, considerando o disposto na Disposición Adicional Segunda da LCSP e as atribucións conferidas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto 2619/2019, de 20 de xuño, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Autorizar as **prórrogas** dos seguintes lotes do contrato “APOIO A PERSOAS COIDADORAS 2022-2023”, aprobado por resolución da Primeira Tenente da Alcalde nº 2022000302, de 1 de febreiro do 2022.

Lote	Adjudicataria	CIF	Importe da prórroga	Duración da prórroga
1. Actividades de apoio terapéutico as persoas coidadoras	(AFACO), ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y DEMENCIAS AFINES DE A CORUÑA	G15538838	19.104,01 € (exento de IVE)	Desde o 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2025
2. Realización da actividade “Estimulación”, intervención con persoas con deterioro cognitivo en fase inicial da enfermidade de Alzheimer e outras demencias dexenerativas	(AFACO), ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y DEMENCIAS AFINES DE A CORUÑA	G15538838	23.259,71 € (exento de IVE)	Desde o 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2025
3. Realización da actividade “Paseo dos sentidos”, intervención con persoas que asisten a “Coidando emocións”	ESPROADE, S.L.	B15664816	3.378,92 € (10% IVE engadido)	Desde o 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2025

SEGUNDO.- Autorizar e dispor un gasto polos importes que de seguido se citan correspondentes á prórroga dos contratos, unha vez practicadas as retencións e vistos os documentos RC seguintes:

LOTE	ANUALIDADE	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
1	2024	70.231.22799	RCFUT1 202300042492	9.552,00 €
	2025	70.231.22799	RCFUT2 202300042494	9.552,01 €
2	2024	70.231.22799	RCFUT1 202300042495	11.629,85 €
	2025	70.231.22799	RCFUT2 202300042497	11.629,86 €
3	2024	70.231.22799	RCFUT1 202300042498	1.689,45 €
	2025	70.231.22799	RCFUT2 202300042499	1.689,47 €
TOTAL				45.742,64 €

TERCEIRO.- Que se proceda a formalizar as prórrogas de cada lote en documento administrativo.

CUARTO.- Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo.





QUINTO.- Consonte á lexislación vixente, deberase dar a seguinte publicidade ao presente contrato, con inclusión dos seus datos básicos, entre os que figuran obxecto, adxudicatario, importe de adxudicación e desagregación do IVE:

- Perfil do contratante do Concello de Oleiros (art. 154 da LCSP): a formalización da prórroga contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato.
- Rexistro de Contratos do Sector Público (arts. 346 e seguintes da LCSP): envío dos datos dos contratos maiores e menores realizados ao longo do ano no primeiro trimestre do ano seguinte.
- Tribunal de Contas e Consello de Contas (Resolución de 3 de xullo de 2018, do Tribunal de Contas):
 - o envío dos datos de contratos maiores e menores primitivos realizados ao longo do ano no primeiro bimestre do ano seguinte.
 - o Documento de formalización e extracto do expediente, así como datos de modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, variacións de prezo e importe final, nulidade, extinción normal e extinción anormal dos contratos que superen os seguintes limiares de valor estimado, no prazo de tres meses dende a formalización:
 - Obras, concesións de obra e concesións de servizo: 600.000,00 €
 - Contratos de servizos e contratos administrativos especiais: 150.000,00 €
 - Contratos de subministración: 450.000,00 €
 - Acordos marco: 600.000,00 €

SEXTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Primeira Tenente de Alcaldía, e a Secretaria accidental, que dá fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

